



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Rectificación da R.A. nº. 651/2025 pola que se aproban as bases e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 680/2025 do 17 de xuño, rectificouse a Resolución da Alcaldía núm. 651/2025 do 11 de xuño, pola que se acordou convocar o proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos, mediante o sistema de concurso, cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 651/2025 POLA QUE SE APROBAN AS BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

Expediente: 2025/E001/000016; 2025/G003/000707; 2025/G003/000742

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 114 do 17.06.2025 publicouse a Resolución da Alcaldía núm. 651/2025 do 11.06.2025 pola que se acorda convocar o proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos (grupo: a, subgrupo: a1, escala de administración: especial, subescala: técnica), polo sistema selectivo de concurso.

De oficio detectouse un erro no texto do decreto, no prazo para formular reclamacións ou alegacións respecto das cualificacións resultantes da baremación.

Consonte ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Tendo en conta o anterior, e en uso das atribucións da alcaldía polo art 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro detectado no apartado 7.5 da Resolución 651/2025 do 11.06.2025, de xeito que di:

“SÉTIMA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

(...)

5. As cualificacións resultantes da baremación faranse públicas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais. Os/as aspirantes disporán de tres (1) día hábil para formular reclamacións ou alegacións respecto dos resultados ou cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

(...)”

Debe dicir:

“SÉTIMA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

(...)

5. As cualificacións resultantes da baremación faranse públicas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais. Os/as aspirantes disporán dun (1) día hábil para formular reclamacións ou alegacións respecto dos resultados ou cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

(...)”

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene asinado dixitalmente o 18.06.2025 pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso

2025/4051